

Reunido o día 4 de outubro de 2024, o Tribunal do proceso selectivo para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade de química (resonancia magnética nuclear), grupo III, pola quenda de acceso libre (Resolución do 10 de abril de 2024), de cara a realización do segundo exercicio, que terá lugar o vindeiro 23 de outubro de 2024, ás 12:30 horas, na Aula 5 da Escola Técnica Superior de Enxañaría, na Rúa de Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Sur, Santiago de Compostela,

ACORDOU publicar as seguintes **instrucións e criterios de corrección**:

- As persoas aspirantes deberán ir provistos do DNI ou de documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, lapis e goma de borrar.
- Non se permitirá o acceso á aula na que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- O tribunal emitirá un certificado de asistencia ao exercicio para quen o precise. Poderá solicitarse despois da realización do exercicio enviando un correo electrónico á secretaria do tribunal (bianca.cebeiro@usc.es).
- Segundo o previsto no Anexo I da convocatoria, o exercicio consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 90 preguntas tipo test, máis 5 de reserva, con tres respostas alternativas das cales só unha será a correcta, correspondentes ao bloque de coñecementos específicos que figura no programa do Anexo II á convocatoria.
- O tempo para a realización do exercicio será de 95 minutos. As persoas aspirantes serán convocadas en único chamamento ás 12:30 horas e serán excluídas da oposición as que non comparezan. Segundo o sinalado na base 6.1 da convocatoria a orde de chamamento das persoas aspirantes iniciárase pola primeira da letra «H».
- O exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo do 60% do total das respostas correctas, o que supón unha valoración de 15 puntos. As preguntas en branco e as incorrectas non descontan.

O presente acordo publicarase no taboleiro electrónico da USC (dispoñible na ligazón seguinte: <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>), na web de convocatorias de probas selectivas de PAS (<https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/gestionpersoal/PAS/oep/listado>) e no lugar de realización do segundo exercicio

Santiago de Compostela



Procedemento selectivo convocado por resolución do 10 de abril de 2024 (DOG do 22 de abril e BOE do 30 de abril) para as probas selectivas para cubrir unha praza da categoría profesional de técnico/a especialista de investigación, especialidade de química (resonancia magnética nuclear), grupo III, pola queda de acceso libre.

A secretaria do Tribunal

Bianca Cebeiro Domínguez

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: BIANCA CEBEIRO DOMINGUEZ, NIF ***4570**, 08/10/2024 08:47:05.

CSV: 823F-D1F2-4A2F-A169